

ESQUEMA CARTA PRESENTACIÓN

*Identificación da
persoa remitente:
nome, dirección e
teléfono.*

*Identificación da persoa receptora:
nome e cargo da persoa a quen se
dirixe, departamento, dirección da
empresa e referencia do posto ó que
se opta se é o caso.*

Lugar e data.

*Motivo polo cal se remite a carta. Posto no que estamos
interesados. Fonte de información. Interese.*

Amosar os puntos fortes para o posto, sen repetir o CV.

Despedida e tentar acadar unha entrevista.

*Sinatura con nome
completo*

*Detallar no seu caso,
documentación que se
achega*

EXEMPLO CARTA PRESENTACIÓN AUTOCANDIDATURA

Pedro Díaz González
C/ Cuba 15, 1ª planta
36.205 Vigo
Tél.: 986 218 758

A/a. Ximena Fernández
Carpintería La Estaca
C/ Zamora
36203 Vigo

Vigo, 30 de xuño 2010

Estimada Señora:

A razón pola que me poño en contacto con vostede é facerlle chegar o meu curriculum vitae co obxectivo de que poida terme en conta ante posibles vacantes na súa empresa para os postos de carpinteiro ou ebanista.

No currículo que acompaña esta carta detállanse todos aqueles aspectos de formación e experiencia que considero máis importantes. Se a súa empresa ten a necesidade dun profesional novo, formado, con moita motivación e gañas de traballar, creo que a miña candidatura pode serlle de interese.

Espero poder concertar unha entrevista con vostede para expoñerlle con maior profundidade os meus coñecementos e capacidade de traballo.

Atentamente saúdalle

Asdo: Pedro Díaz González

Achego: CV e fotografía recente